



Recomendacións para un correcto uso das novas tecnoloxías

1. Ter un bo antivirus no ordenador ou tableta.
2. Establecer normas: un horario de uso (non debería ser actividade principal), prohibido mercar por internet sen consultar cos adultos...
3. Empregar os dispositivos en zonas comúns para manter certa supervisión. Non deberían empregar dispositivos nos seus cuartos, sen supervisión.
4. Fomentar o diálogo para prever unha situación incómoda como é o ciberacoso.

(Extraído da Guía de nais e pais de "[Navega con rumbo](#)")



En España úsase o código PEGI, co que se informa a pais, nais e titores, da idade aconsellable para o uso de cada xogo. Por exemplo, no caso de atopar o código da esquerda, saberemos que o xogo **NON É APTO PARA TODOS OS PÚBLICOS**, é para maiores de 12 anos.